




Área / Unidade APOYO ADMINISTRATIVO IG1100 LAC	Documento 2371AI009O	
Código de verificación  4J3D 1T6N 033A 0L1F 01RX	Expediente 237/2025/167	
	Fecha 07-04-2026	

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DA CORUÑA E O SERVIZO GALEGO DE SAUDE (SERGAS) PARA O OUTORGAMENTO DE AUTORIZACIÓN TEMPORAL DE USO DUN INMOBLE PARA O FUNCIONAMENTO DUNHA UNIDADE DE ATENCIÓN Á SAUDE SEXUAL E REPRODUTIVA

REUNIDOS

Dunha parte, D^a Inés Rey García, alcaldesa do Concello da Coruña, que actúa en nome e representación do Concello, con CIF P1503000J, de conformidade co que dispoñen os artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en diante, LBRL), 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e o artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

E doutra parte, D Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito esta Consellería, actuando en nome e representación deste último, no exercicio das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e de conformidade co establecido no Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As dúas partes recoñécense entre si a capacidade xurídica suficiente e o poder bastante para obrigarse neste convenio e, para este efecto

EXPOÑEN

Primeiro: O Concello da Coruña é titular dunha finca de natureza urbana situada, segundo os datos da Dirección Xeral de Catastro, na rúa Miguel Servet, nº 9 (acceso pola rúa Tui Nº 19), con referencia catastral 9030001NJ4083S0001WM. Na devandita leira sitúanse varios edificios de titularidade municipal, todos eles coa condición de bens de dominio público afectos a uso ou servizo público, que constan no Inventario Municipal de Bens Inmóbles Urbanos na dirección C/ Miguel Servet, nº 9. En concreto, atópanse referenciados:

- O inmoble destinado a Cuartel da Policía Local, recollido na ficha nº 45 do Inventario.
- O inmoble destinado ao Centro de Orientación e Planificación Familiar, recollido na ficha nº 160 do Tomo 4 do Inventario.

O ben obxecto da presente autorización temporal de uso, de carácter gratuíto, límitase exclusivamente ao inmoble, e ao equipamento posto polo Concello, onde tradicionalmente se vén desenvolvendo a atención sanitaria de orientación e planificación familiar, actualmente identificado como acceso pola rúa Miguel Servet, nº 9 (acceso pola rúa Tui Nº 19), e non comprende os outros edificios existentes na mesma parcela catastral, tales como o cuartel da Policía Local nin calquera outros.

Este inmoble, afecto a un servizo público sanitario, ostenta a condición de ben de dominio público nos termos previstos nos artigos 5 e 8 da Lei 33/2003 e nos artigos 2 e 4 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.



A afectación ao uso sanitario non é nova, pois xa en 1986 foi cedido ao entón Instituto Nacional da Saúde, sendo posteriormente destinado a funcións de orientación e planificación familiar. En coherencia con esta traxectoria e coa finalidade de optimizar os recursos públicos, o Concello acorda a súa cesión ao Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo adscrito á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, para o funcionamento dunha Unidade de Atención á Saúde Sexual e Reprodutiva.

Segundo: O Servizo Galego de Saúde (SERGAS) constitúese como un organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica propia, adscrito á Consellería de Sanidade, que exerce a dirección e control do mesmo. Neste sentido, ten por finalidade a xestión dos servizos sanitarios de carácter público dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a coordinación integral de todos os recursos sanitarios e asistenciais existentes no seu territorio, no ámbito da súa competencia.

Entre os recursos sanitarios e asistenciais existentes no Área Sanitaria da Coruña e Cee, o SERGAS conta co Centro de Orientación Familiar que foi creado no ano 1983 co obxecto de dar atención á saúde sexual e reprodutiva.

O centro conta cun equipo de profesionais especializados cuxa finalidade é previr, informar e educar nos aspectos relacionados coa anticoncepción e as relacións de parella así como orientar e asesorar non só no ámbito da anticoncepción senón tamén en situacións de crises ou conflito que se poidan experimentar de forma individual, na parella ou na familia.

Os obxectivos do centro son:

- Promover a saúde afectivo-sexual mediante a educación, nun clima de liberdade, respecto e aceptación das opcións afectivo-sexuais de cada persoa.
- Defender os dereitos sexuais e reprodutivos porque son dereitos básicos das persoas.
- Ofrecer un servizo de calidade onde as persoas poidan acudir a pedir información ou axuda de calquera tipo, para mellorar a súa sexualidade e afectividade, para a prevención de embarazos non desexados, de enfermidades de transmisión sexual e para a interrupción voluntaria de embarazo.

Terceiro. - Neste sentido, é preciso optimizar os recursos económicos das Administracións públicas mediante fórmulas de cooperación que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos, o que neste caso concretase na presente autorización temporal de uso.

Cuarto. - A fin de dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicionais á atención asistencial á cidadanía no municipio, faise necesario formalizar o compromiso de ambas institucións para asegurar o funcionamento dunha Unidade de Atención á Saúde Sexual e Reprodutiva nos locais de titularidade municipal situados na rúa Miguel Servet nº 9 (acceso pola rúa Tui Nº 19).

Quinto. - Tal e como se pon de manifesto na documentación achegada polo Concello, os locais de titularidade municipal aos que se refire a presente autorización temporal de uso xa foron obxecto de cesión a favor do Instituto Nacional da Saúde (INSALUD) no ano 1986, para o seu uso como Centro de Orientación e Planificación Familiar. Por tal motivo, tanto o Concello como o Servizo Galego de Saúde están interesados en formalizar novamente a autorización temporal de uso, a favor do organismo autónomo, dos espazos necesarios para o funcionamento dunha Unidade de Atención á Saúde Sexual e Reprodutiva que preste servizo á poboación da área de referencia.

Sexto. - O interese público da presente actuación radica en dar unha mellor resposta aos problemas de saúde da poboación, mediante actuacións que permitan mellorar as dotacións e infraestruturas adicionais á atención asistencial á cidadanía no municipio.

Sétimo. - Conscientes da devandita necesidade, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para alcanzar o obxectivo sinalado. Por iso, e a fin de levar adiante o obxecto da presente autorización temporal de uso, é necesaria a concorrencia de vontades de ambas as partes interesadas, procedendo a determinar o contido da devandita colaboración.





En consecuencia, e considerando a vontade coincidente de ambas as Administracións de cooperar na prestación de servizos públicos esenciais, outorgan este convenio con suxeición ao seguinte clausulado.

CLAÚSULAS

Cláusula 1ª. Obxecto e destino do ben

Constitúe o obxecto do presente convenio a formalización da autorización temporal de uso, a título gratuito, a favor do Servizo Galego de Saúde, dos espazos necesarios no edificio sito na rúa Miguel Servet, nº 9 (acceso pola rúa Tui Nº 19), que se recolle no plano contido no Anexo denominado "Localización do equipamento obxecto da autorización temporal de uso" (CSV 5I5X 1963 175M 326P 0XJF), de titularidade municipal, para o funcionamento dunha Unidade de Atención á Saúde Sexual e Reprodutiva, conforme á memoria e documentación técnica incorporada ao expediente.

As instalacións cedidas limítanse estritamente ao espazo identificado no Anexo denominado "Localización do equipamento obxecto da autorización temporal de uso" (CSV 5I5X 1963 175M 326P 0XJF), que consta no expediente como obxecto da autorización, quedando excluídos o resto de bens e edificacións que integran a parcela catastral de titularidade municipal. Este espazo é no que tradicionalmente foi situado o Centro que é obxecto de autorización..

Este espazo deberá destinarse de maneira exclusiva á finalidade sanitaria sinalada, concretamente ao funcionamento dunha Unidade de Atención á Saúde Sexual e Reprodutiva, non sendo posible a súa utilización para ningún outro fin distinto, salvo autorización expresa e motivada do Concello da Coruña.

O incumprimento do destino autorizado constituirá causa de resolución anticipada da autorización.

A presente autorización outórgase con suxeición ao disposto na Lei 33/2003, de 3 novembro, do patrimonio das administracións públicas

Cláusula 2ª. Natureza xurídica

A presente autorización outórgase de conformidade co disposto na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e no resto da normativa patrimonial aplicable.

Cláusula 3ª. Duración

Esta autorización outórgase por prazo de catro (4) anos, que se contará a partir do día da formalización da autorización temporal mediante a sinatura do convenio de colaboración.

Cláusula 4ª. Canon

A autorización outórgase a título gratuito, ao amparo do artigo 92.5 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas

Cláusula 5ª. Obrigas do Concello

O Concello contrae as obrigacións derivadas da autorización que se formalizará, e en particular asume os seguintes compromisos:

- Formalizar a autorización e poñer ao dispor do Servizo Galego de Saúde, en condicións de uso, o local sito na rúa Miguel Servet, nº 9 (acceso pola rúa Tui Nº 19), cuxas características se conteñen no presente convenio de colaboración para destinalos ao funcionamento dunha Unidade de Atención á Saúde Sexual e Reprodutiva, cumprindo as disposicións previstas para os bens de dominio público na Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas e no Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Asumir os gastos de mantemento e conservación dos espazos cedidos, así como as subministracións básicas precisas para o seu funcionamento ordinario (luz, auga, etc.).



- *Comunicar ao Servizo Galego de Saúde, no seu caso, calquera alteración dos compromisos adquiridos, a efectos de propoñer, se procedese, a modificación das condicións establecidas na presente autorización temporal de uso.*
- *Asumir a responsabilidade polos danos ocasionados nos equipos e instalacións cedidas, como consecuencia da realización de obras ou outras actuacións no edificio, así como por danos derivados do defectuoso mantemento ou inadecuada conservación dos elementos de uso común e instalacións de subministración á mencionada instalación cedida.*
- *Arbitrar as medidas necesarias para facilitar o acceso dos vehículos de subministración, mediante a reserva de dúas (2) prazas de aparcamento próximas para uso do persoal do centro e a habilitación de identificacións nominativas para ocupar, só cando estean libres e sen prexuízo da prioridade operativa da Policía Local, ata tres (3) prazas adicionais na zona reservada a este corpo, previa coordinación co mesmo.*

Cláusula 6ª Obrigas do Servizo Galego de Saúde

O Servizo Galego de Saúde, como entidade concesionaria, asume as seguintes obrigacións:

- *Destinar o ben obxecto da autorización temporal de uso ao funcionamento dunha Unidade de Atención á Saúde Sexual e Reprodutiva, para a atención sanitaria da poboación situada na súa área de influencia, conforme ao previsto nos seus estatutos e recolleito na memoria presentada.*
- *Manter en bo estado o espazo obxecto da autorización.*
- *Aceptar as condicións de autorización de uso temporal do espazo establecidas no presente convenio para o funcionamento dunha Unidade de Atención á Saúde Sexual e Reprodutiva no edificio sito na rúa Miguel Servet, nº 9 (acceso pola rúa Tui Nº 19), propiedade do Concello.*
- *Dotar ao centro do persoal facultativo, sanitario non facultativo e de apoio, necesario para o correcto funcionamento da Unidade de Atención á Saúde Sexual e Reprodutiva.*
- *Permitir, en calquera momento, que os técnicos municipais poidan inspeccionar o estado de conservación da instalación cedida.*
- *Asumir a responsabilidade por danos a terceiros que poidan ocasionar a actividade realizada polo seu persoal, aparellos, residuos e material almacenado no inmovible cedido, así como subscribir e manter vixente unha póliza de seguro polo tempo de duración da autorización que cubra os bens que o SERGAS teña ou deposite no local, así como a responsabilidade civil polos danos e prexuízos que o funcionamento da Unidade poidan causar ao Concello da Coruña, ás persoas usuarias ou a terceiros. No seu caso, indemnizar a terceiros polos danos que se ocasionen a causa do desenvolvemento das actividades que realice a concesionaria.*
- *Utilizar o inmovible cedido conforme a súa natureza e entregalo, unha vez finalizado o período de cesión, no estado no que foi recibido.*
- *Integrar as instalacións nos seus procedementos xerais de prevención de riscos laborais, de conformidade co previsto no artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.*
- *O outorgamento desta autorización non exime aos seus titulares da obtención e mantemento en vigor das licenzas, permisos e autorizacións que sexan legalmente esixibles, nin do pago dos impostos que lle sexan de aplicación. Asemade, non exime ao seu titular do cumprimento das disposicións legais vixentes en materia laboral, Seguridade Social e Seguridade e Saúde no Traballo.*
- *Os titulares da autorización están obrigados a cumprir as disposicións legais vixentes en cada momento que afecten ao dominio público local cedido e ás instalacións e actividades que no mesmo se desenvolvan.*





Cláusula 7ª: Cambios de titularidade

A presente autorización outórgase, con carácter intransferible, polo que queda explicitamente prohibida a cesión do seu uso a terceiros.

Cláusula 8ª. Terminación

Serán causas para a terminación da presente autorización temporal de uso as seguintes:

- a) O transcurso do prazo da autorización
- b) O mutuo acordo entre o Concello e o SERGAS
- c) A desaparición ou cambio de actividade da entidade autorizada, salvo autorización expresa do Concello.
- d) A suspensión da prestación de actividades que se desenvolvan na parte do ben obxecto da autorización.
- e) O incumprimento das condicións e obrigacións impostas ao SERGAS na cláusula sexta deste prego.
- f) A cesión do uso sen autorización do órgano competente do Excmo. Concello da Coruña.
- g) A dedicación, total ou parcial, da parte do ben obxecto da autorización a usos distintos dos especificamente sinalados neste prego.
- h) Calquera outra prevista nas leis ou regulamentos de aplicación.

O presente convenio poderá resolverse igualmente por calquera das causas previstas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, incluído o incumprimento das obrigas das partes nos termos previstos neste instrumento. Os efectos da resolución serán os previstos no artigo 52 da citada Lei, no que resulte de aplicación.

A Corporación municipal poderá deixar sen efecto a autorización antes do vencemento se o xustificasen circunstancias sobrevidas de interese público, sen dereito a indemnización para o autorizado agás que proceda conforme a lei.

Chegado o fin da autorización ou extinguido esta por calquera causa, o SERGAS abandonará o inmovible e deixarao libre de persoas e bens no prazo que se sinala, quedando facultado o Concello para, de ser preciso, executar o desaloxo pola súa propia autoridade, nos termos previstos na lexislación.

Cláusula 9ª. Comisión de seguimento

Coa finalidade de garantir o correcto cumprimento e execución do presente convenio de colaboración, constituirase unha Comisión de Seguimento, á que corresponderán as seguintes funcións:

- a) Impulsar e avaliar o grao de cumprimento da presente autorización, proponendo as actuacións que se consideren necesarias para a súa adecuada execución.
- b) Interpretar o contido da autorización en caso de dúbida.
- c) Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puidesen xurdir na súa aplicación.

A Comisión estará composta por un total de catro (4) membros, dos cales dous (2) serán designados polo Servizo Galego de Saúde e dúas (2) polo Concello, correspondendo a competencia para efectuar a devandita designación ao/a máximo/a responsable de cada unha das partes asinantes.

A Comisión reunirse a solicitude de calquera das partes, considerándose validamente constituída cando asista, como mínimo, un representante de cada entidade asinante.





Cláusula 10ª. Réxime xurídico e resolución de conflitos

A presente autorización temporal de uso ten natureza administrativa e rexerá polo establecido nas presentes cláusulas e, supletoriamente, polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como pola lexislación patrimonial que resulte de aplicación en función da natureza do ben e do uso concedido.

As controversias que poidan xurdir na interpretación e execución da presente autorización temporal de uso resolveranse, en primeiro termo, de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista neste prego.

En caso de non alcanzarse acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Cláusula 11ª. Ausencia de relación contractual ou de servizos

A subscripción da presente autorización temporal de uso non xerará, en ningún caso, relación laboral, contractual ou de servizos de ningunha natureza entre o Concello da Coruña e o persoal adscrito polo Servizo Galego de Saúde para o funcionamento da Unidade de Atención á Saúde Sexual e Reprodutiva.

En consecuencia, non poderá esixirse ao Concello responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos que poidan producirse no desenvolvemento dos servizos ou actividades levados a cabo por dito persoal, agás aquelas que deriven directamente das prestacións ou actuacións ás persoas usuarias da Unidade de Atención á Saúde Sexual e Reprodutiva.

Cláusula 12ª. Transparencia e rexistro

A sinatura deste convenio leva implícito o consentimento expreso das persoas interviñentes para que a Administración pública autonómica galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e calquera outras especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei galega 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, de 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia

Para a debida constancia de todo o acordado, asíñase o presente convenio de colaboración, na data da sinatura electrónica.

POLO CONCELLO

POLO SERVIZO GALLEGO DE SAÚDE

Asdo.- Inés Rey García

Asdo.- Antonio Gómez Caamaño

A OFICIAL MAIOR

Asdo.- Maria Esther Álvarez Martínez


Documento asinado dixitalmente por:
Antonio Gómez Caamaño (05/06/2026 17:54 CEST)
<https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-d547a7bf-2b7a-411f-94b8-f35f621a08e1>



COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Alcaldesa (INES REY GARCÍA) a las 10:57 del día 04/06/2026 y por Oficial Mayor (MARIA ESTHER ALLVAREZ MARTINEZ) a las 11:22 del día 04/06/2026. Mediante el código de verificación 6X6Y6S4R5J5Z252N04TL puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web <https://sede.coruna.gal>



Anexo: Localización do equipamento obxecto da autorización temporal de uso



Documento asinado dixitalmente por
 Antonio Gómez Casanovo (05/06/2026 17:54 CEST)
<https://sede.xunta.gal/secure?dcve=SAOC-d547a7b4-2b7a-411f-84bb-f38f621a08e1>